

Novas tintas

ALFIN

Comezamos o curso cun *boom* de alfabetización informacional. A data para a entrega do Traballo de Fin de Grao está perto e dende a Biblioteca queremos botar unha man. Un total de 30 docentes e 150 alumnas e alumnos asistiron aos cursos que impartimos durante os meses de xaneiro e febreiro deste novo ano sobre *Como preparar un TFG*.

Esperamos que o vindeiro ano esta formación se poda impartir a comezo do curso, con varios días para cada grupo. Na nosa web tedes un enlace á páxina creada para o TFG, coa presentación do curso e enlaces de interés.

Tamén neste mes de febreiro realizouse unha sesión para docentes de *Coñecemento dos principais xestores de referencia bibliográficos. Utilización de Refworks*. Os xestores de referencia son imprescindibles para a vosa investigación, son moi útiles e aforran moito tempo. Dende o mes de xaneiro podedes acceder á comunidade *ning* de Refworks <http://refworkscmmunity.ning.com>.



Continuaremos coas sesións para alumnado de introducción aos recursos de información e xestión bibliográfica. Lembrade que se fan a petición do profesorado para cada grupo. Para marzo está programada unha sesión para alumnado de Logopedia.


É Tinta-E

A Biblioteca mantén a colección de **revistas** neste novo ano, se ben a maioría das extranxeiras pasan a formato electrónico. Mantense tamén a subscripción á colección de *Oxford University Press Full Collection* e temos un acordo con *Taylor & Francis* por dous anos, nos que teremos acceso gratuíto a toda a súa colección. (1400 títulos).

Con respecto ás **bases de datos** mantéñense as subscripcións. Lembrade que estamos subscritos entre outras a *Eric, PsycInfo, Scopus, Medline, Wetslaw Arazzadi, Sport Discus e CSIC*, ademais de ter acceso a través da Fecyt ao portal *Web of Knowledge*.

Xa estamos na segunda fase da posta en servizo de 10 **e-readers**, están xa incluídos no catálogo e o sistema de préstamo é igual ao de calquera outro documento.

Todos os recursos electrónicos son accesibles en remoto, coas vosas credenciais da universidade, e a maioría deles teñen aplicación para **dispositivos móbiles**.



Neste sentido destacamos un produto *Bx Hot Articles*, que achega aos nosos móbiles os 10 artigos académicos máis destacados na área do noso interese, o que nos axuda a esta ao día.



Febreiro 2013 –
Abril 2013

BIBLIOTECA DA FACULDADE
DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es



Biblioteca
Facultade de Ciencias da
Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

Febreiro

Tempo de entroido

Aínda podedes ver, nas nosas peceiras de creatividade, unha pequena mostra sobre o entroido, cunha selección de libros sobre o tema.

Datas: Ata o 04 de marzo
Lugar: Peceiras de creatividade



Marzo

A muller creadora

A nosa biblioteca tamén quere festexar o Día internacional da muller traballadora, co que durante o mes de marzo teremos varias actividades, en colaboración coa Oficina de Iguladade da UDC:

“A creación poética: Eva Veiga, Yolanda Castaño e Berta Dávila”

Tres poetas galegas nadas en tres décadas diferentes, fan un mapa da súa creación, presentando obras e diversos obxectos que forman parte deste seu universo literario.

Datas: do 8 ao 30 de marzo
Lugar: Peceiras de creatividade





Foto Alfonso Costa e Gabriel Tizón

Recital poético simultáneo en todas as bibliotecas da universidade, o día 8, de 11 a 12 horas, durante 10 minutos, grazas á oficina de voluntariado da UDC

“**Anónimas**”. Exposición fotográfica de **Begoña Pastoriza**, artista coruñesa membro do Grupo Surrealista Galego.



Datas: do 8 ao 30 de marzo
Lugar: Recuncho de lectura

"En conversa con... Berta Dávila"



Foto: Paula Gómez del Valle

Berta falará de súa poesía e creación en conversa aberta. Contará a súa experiencia coa poesía e literatura cando foi alumna de primaria, o seu punto de vista como mestra e como autora. Incidirá na problemática da poesía nas aulas. Leerá algún dos seus textos.

Data: 13 de marzo ás 17 h
Lugar: Salón de Graos

Abril

De cerca

O día 22 e 23 de abril, coincidindo co Día Internacional do Libro, realizaranse na Facultade unas pequenas xornadas “**De cerca**” para achegar o libro á comunidade universitaria e tamén para dar a coñecer a Rede Internacional de Universidades Lectoras, da que a UDC forma parte. A Biblioteca colabora na súa organización.

Contaremos coa presenza de Ángel Gabilondo (escritor e exministro de educación e cultura), Andoni Calderón (bibliotecario da UCM), Anxo Fariña (escritor e ilustrador), María Solar (periodista e escritora), Tonhito de Poi (músico e escritor), Consuelo Bautista (locutora de radio), Quico Cadaval (actor) e Fernando Vázquez

Completan o programa dúas exposicións:

“*Baixo cuberta*”

Data: 01- 30 de abril
Lugar: Peceiras de creatividade

“*Retratando libros*”



Foto de Ita Longa

Data: 01- 30 de abril
Lugar: Recuncho de lectura

Ademáis haberá un posto de **Bookcrossing** na biblioteca.

Inscripción de balde:
mdoval@udc.es ou na propia Biblioteca.

Organiza: Héctor Pose (coordinador da UdC da RIUL) e Inma Doval (Biblioteca Facultade Ciencias da Educación da UDC)

As xornadas está promovidas pola Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura da UdC, e contan ademáis cunha subvención da Comisión de Cultura da Facultade. Colaboran Edicións Xerais de Galicia e Galaxia.

